



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

g<sub>alicia</sub>

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**1. Identificación da programación**

**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacóns	CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0494	Empresa e iniciativa emprendedora	2024/2025	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	RAÚL FUENTES OÑORO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

## **2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Esta programación realizarase para o módulo de Empresa iniciativa emprendedora, pertencente ao Decreto 105/2011, do 12 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais s) e t) do ciclo formativo, e as competencias r) e s).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector informático e das comunicacións.
- Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.
- Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluirá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da producción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións. O plan financeiro incluirá o plan de tesouraría, a conta de resultados provisional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

Contorno profesional.

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en entidades públicas ou privadas de calquera tamaño, tanto por conta allea como por conta propia, e desempeñan o seu traballo na área de desenvolvemento de aplicacións informáticas multiplataforma en diversos ámbitos: xestión empresarial e de negocio, relacións con clientes, educación, lecer, dispositivos móbiles e entretenimento; aplicacións desenvolvidas e implantadas en contornos de alcance intranet, extranet e Internet; e implantación e adaptación de sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relacións con clientes.

As ocupacións e os postos de trabalho más salientables son os seguintes:

- Desenvolvedor/ora de aplicacións informáticas para a xestión empresarial e de negocio.
- Desenvolvedor/ora de aplicacións de propósito xeral.
- Desenvolvedor/ora de aplicacións no ámbito do entretenemento e a informática móvil.

Prospectiva do título no sector:

1. Dirixímonos cara a unha sociedade do coñecemento na que o recurso básico é o saber, e onde a vontade de aplicar coñecemento se dirixe a xerar máis coñecemento, e iso obriga a realizarmos un elevado esforzo de sistematización e organización da información para podermos compartir a adequadamente.
2. Nesta liña, o desenvolvemento de plataformas multidisciplinares adquire cada vez máis importancia, e nestas plataformas o modelo para compartir e organizar a información contida de xeito seguro é fundamental.
3. Cada vez é máis necesario para as empresas o acceso á información contida en bases de datos mediante aplicacións que, ademais, permitan xestionar de forma integral a información almacenada.

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

4. A formación adquire cada vez máis importancia en sociedades altamente desenvolvidas, e os rápidos avances e cambios tecnolóxicos do sector fan que se demanden profesionais cunha actitude favorable cara á autoformación.
5. Unha característica fundamental deste perfil concibiría a integración de contidos gráficos e compoñentes multimedia en aplicáis desenvolvidas en diferentes plataformas, así como o desenvolvemento de interfaces gráficas de usuario interactivas.
6. Igualmente, no desenvolvemento de aplicacións cómpre non esquecer a importancia que adquiriu (e que aumenta constantemente) o concepto de usabilidade, e que fomenta o emprego adecuado dos compoñentes visuais.
7. O perfil profesional deste título evoluciona cara a unha maior integración dos sistemas de xestión e intercambio de información baseados en diferentes plataformas e tecnoloxías, e é preciso que cada vez sexan más estables e seguros.
8. Outra característica cada vez máis importante para este perfil baséase en asegurar a integridade, a consistencia e a accesibilidade dos datos.
9. Asegurar a funcionalidade e a rendibilidade do sistema informático, servindo de apoio ao resto de departamentos dunha organización, é un aspecto cada vez más salientable para este perfil profesional.
10. As tarefas de tratamento e transferencia de datos e información deberán realizarse conforme a normativa que regula tales aspectos.
11. A teleoperación, a asistencia técnica remota e a asistencia en liña configúranse como un elemento imprescindible na resposta á demanda de asistencia técnica.
12. O aumento no consumo de teléfonos, PDA e outros dispositivos móveis, coa conseguinte demanda de aplicacións específicas, implica a necesaria adaptación dos desenvolvedores a novas técnicas e contornos de desenvolvemento.
13. Da mesma forma, o consumo de aplicacións para o entretemento e toda a cultura dirixida cara ao lecer electrónico fai necesario o emprego de técnicas e contornos de desenvolvemento moi especializados e específicos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O emprendedor e a idea.	Análise da figura do emprendedor, selección de ideas emprendedoras e introdución ao proxecto empresarial.	6	10
2	A empresa e a súa contorna exterior e interior	Análise da contorna xeral e específica, dos valores éticos e sociais, dos obxectivos e da planificación da empresa.	18	35
3	A posta en marcha	Análise das formas xurídicas, dos trámites necesarios, das vias de asesoramento e das subvencións disponíveis.	10	15
4	A xestión financeira	Identificación das obrigas contables e análise da viabilidade económico-financeira dunha empresa.	17	25
5	A xestión administrativa	Identificación das obrigas fiscais e descripción dos circuitos que recorre a documentación administrativa.	12	15



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**4. Por cada unidade didáctica****4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	O emprendedor e a idea.	6

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícone o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analízárónse as características das actividades emprendedoras no sector informático e das comunicacíons
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do desenvolvemento de aplicacións multiplataforma, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma (materiais, tecnoloxía, organización da producción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector informático e das comunicacóns.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e a súa contorna exterior e interior	18

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliação
CA2.3 Identifícaranse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co desenvolvemento de aplicacións multiplataforma e describiríronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizárónse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describiríronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## Contidos

Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de márketing.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A posta en marcha	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analízárónse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector informático e das comunicacíons.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferencíouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identifícarónse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identifícarónse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analízárónse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma tendo en conta a súa localización.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliação

CA3.9 Inclúise no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A xestión financeira	17

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describiríonse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.1 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.2 Analizáronse as principais vías de financiamento e os principais conceptos relacionados coa viabilidade económico-financeira.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector informático e das comunicacóns
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	A xestión administrativa	12

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co desenvolvemento de aplicacións multiplataforma, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario.
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa dentro do ciclo de xestión administrativa.
CA4.4.1 Formalizouse con corrección a documentación básica de carácter comercial e contable.
CA4.4.2 Formalizouse con corrección a documentación básica de carácter comercial e contable.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de desenvolvemento de aplicacións multiplataforma: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

**5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Se consideran mínimos exigibles os criterios de avaliación marcados como SI no apartado 4.c

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Dúas probas escritas (exames), unha na 1ª avaliación e a outra na 2ª avaliación. A proba escrita de cada parte da materia consistirá nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou con preguntas test con elección da alternativa correcta (por cada dúas preguntas erróneas descontarse unha pregunta acertada), e/ou preguntas curtas e, de ser o caso, casos prácticos similares aos realizados na clase.

Notas aclaratorias para a realización de probas escritas availables:

Salvo autorización expresa, para realizar algúna tarefa en concreto, está prohibido a utilización de teléfonos móveis, ou calquera outro dispositivo que poida almacenar información ou que poida ter conexión a internet.

No caso de que se detecte algún alumno/a copiando, solicitaráselle que entregue a proba e comunicáráselle que como consecuencia do feito lle queda esa proba suspensa.



## ANEXO XIII MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

A puntuación de cada pregunta figurará na folla de exame, de non aparecer, significaría que todas as preguntas teñen o mesmo valor.

2. Elaboración dun plan de empresa: É condición indispensable para poder superar o módulo a entrega do Plan de empresa en tempo e forma. O alumnado ten a obriga de entregar un plan de empresa individual, ainda que cando as circunstancias o permitan, poderase admitir a realización de un plan de empresa en equipo.

Tanto as probas escritas (exames) como o plan de empresa poderán ter formato papel ou dixital, ainda que a última entrega do plan de empresa solicitarase en formato papel se as circunstancias o permiten.

Os instrumentos de avaliación utilizados serán principalmente para o uso presencial na aula, pero, se durante o curso se producise alguma situación de confinamento de alumnado ou profesorado (total ou de persoas en concreto) poderán ser utilizados estos instrumentos a través de ferramentas informáticas como a aula virtual, correo electrónico ou outros.

A cualificación de cada unha das avaliacións obterase cos parámetros anteriormente indicados obtendo unha cualificación numérica de 1 a 10; para poder superar cada avaliación é necesario ter como mínimo un 5 na materia avaliada, tanto nas probas escritas (exame) como no Plan de empresa. As cualificacións inferiores a 1 cualificaranse en todo caso con un 1.

A cualificación final do módulo de EIE será a media ponderada das unidades avaliadas, tanto dos exames como dos traballos. Para superar o módulo de EIE é necesario ter superadas todas as avaliacións, polo que de non ter superada algunha avaliación a nota final sempre será inferior a 5.

### **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

#### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Finalizada a 2ª avaliación, realizaranse actividades de recuperación individualizadas coa finalidade de subsanar as carencias nas destrezas non acadadas.

Tamén se poderán realizar actividades de recuperación ao longo do curso, de ser o caso, de xeito que non sexa preciso que se realice a proba de recuperación final.

Cualificarse de 1 a 10 puntos, e para aprobar deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A proba para o alumnado con PD poderá consistir nunha única proba de toda a materia con cuestións teóricas e prácticas (preguntas tipo test, preguntas curtas e/ou supostos prácticos) sobre o contido do módulo, que determinará se o alumnado ten o nivel axeitado para superar o módulo. Cualificarse de 1 a 10 puntos, e para aprobar deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

A proba tamén poderá consistir nun exame con 2 partes:

- Parte teórica (preguntas tipo test e/ou preguntas curtas).
- Parte práctica (supostos prácticos nos que podería necesitarse o uso de calculadora)

Neste segundo caso, para superar o módulo o alumnado deberá acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das 2 partes. En caso de ter as dúas partes superadas, a nota final calcularase sumando a nota de ambas partes e dividindo por 2.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Cada mes o profesorado realizará unha análise do cumprimento dos obxectivos plantexados nesta programación por parte dos alumnado e o axeitado ritmo no desenvolvemento da mesma que permita realizar todo o programado ao longo do curso. No caso de que se detecten problemas, tanto na adquisición dos obxectivos por parte do alumnado, como no ritmo das clases, faranse modificacións na programación, que serán recollidas na memoria de fin de curso co obxectivo de mellorar a programación e axustala á realidade de cara o próximo curso.

Para o seguimento mensual utilizarase a aplicación informática da Consellería de Educación.

Entregarase unha memoria final de curso coas modificacións e súxestións pertinentes.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo do proceso educativo realizarase unha avaliación inicial para coñecer a situación de partida, pois o que o alumnado vai a aprender relacionarase cos coñecementos que xa posúe. Nesta avaliación analizarase ao alumnado para detectar as diferenzas existentes na súa formación que poden condicionar ó logro das capacidades a desenvolver.

Para este módulo pasarase un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados pola titoría e datos de información de matrícula.

Durante a fase de exposición da materia, o profesorado invitará a que o alumnado consulte dúbidas ou solicite explicacións, sobre todo a aqueles que se detectase na avaliación que requiren unha atención especial.

Esta práctica consultiva pode aportar bons resultados ao eliminar as posibles diferenzas entre o alumnado a favor dun maior coñecemento.

Así mesmo convén apoiar a cada alumno/a de forma individualizada nas actividades de aprendizaxe, supervisando de forma continuada o estado do traballo de cada un deles.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Feita a avaliación inicial e con a información proporcionada polo departamento de Orientación, faranse as adaptacións metodolóxicas que dito departamento recomende.

**9. Aspectos transversais**

**9.a) Programación da educación en valores**

A finalidade da educación debe ser a de incorporar ó alumno/a á sociedade, para o que non só se debe posibilitar a adquisición dos coñecementos científicos do módulo, senón que tamén é preciso efectuar un tratamento axeitado dos problemas sociais que vivimos na actualidade como son as guerras, drogas, discriminación, globalización, medio ambiente... e que en moitos casos se deben a unha falla de educación en valores.

A presenza en todos os módulos do Ciclo das ensinanzas de carácter cívico e moral, denominadas temás transversais, ten unha xustificación importante pola súa relevancia social, para acadar o desenvolvemento persoal e integral do alumnado, e para a construción dunha sociedade máis libre, democrática e pacífica.

A inclusión xenérica destes contidos no módulo de EIE farase deste xeito:

- A) Incorporandoos coma finalidades específicas a acadar en distintas Unidades.
- B) Tratando estos contidos coma actitudes a desenvolver nas Unidades relacionadas.
- C) Cunha metodoloxía e actividades específicas que favorecen seu tratamento: bo clima na aula, linguaxe non sexista, actividades grupais, debates e exposicións,...
- D) Tendoos en conta á hora de avaliar, e especialmente nos criterios de avaliación.

Educación para a paz:

Está asociada coa tolerancia, a non violencia, a cooperación internacional.

En RELACIÓN LABORAIS, na negociación colectiva e na folga inculcarase unha actitude de respeito cara á opinión dos demás e das maiorías. Ao tratar as relacións económicas entre países, o comercio internacional e a Unión Europea.

Educación para a saúde e calidade de vida:

Especialmente importante no módulo, pois hai un bloque de contidos adicado específicamente á SAÚDE LABORAL: a importancia de adoptar medidas de seguridade e hixiene, a prevención de riscos para a mellora da súa saúde e calidade de vida.

Educación vial:

Tamén se introducirá en SAÚDE LABORAL, pois é outro xeito en que se afecta á saúde, mediante o estudo específico das sinalizacións de seguridade en prevención.

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Educación ambiental:

Os problemas do medio ambiente, desenvólvense en SAÚDE LABORAL, incidindo nas repercusións das industriais (riscos físicos, químicos e biológicos) no ecosistema, a prevención como instrumento de preservación do medio e de mellora da calidade de vida. A necesidade do cumprimento polas empresas desta normativa.

Educación para o consumidor:

Preténdese dotarles dun instrumento de análise que permita adoptar actitudes responsables e críticas coma consumidores.

Educación para a igualdade entre sexos:

En ORIENTACION, corrixindo os prexuízos e discriminacións existentes á hora da elección da profesión ou na selección de persoal . En RELACIÓNS LABORAIS e SAÚDE LABORAL , a igualdade legal entre homes e mulleres en ambas materias, desterrando a discriminación na empresa, e favorecendo o respeto polas mulleres coma traballadoras.

Educación moral e cívica:

Pretende a construción dun espírito crítico o desenvolvemento moral da persoa. O respeto polos demais, a convivencia, e o pluralismo. En RELACIÓNS LABORAIS, a responsabilidade polo traballo ben feito, o comportamento correcto e a cooperación cos compañeiros. Fomentando a xestión ética da empresa. En SAÚDE LABORAL, a transcendencia humana de prácticas inseguras, a solidaridade nos accidentes. En ORIENTACIÓN, a ética no proceso de selección de persoal.

#### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

En colaboración co departamento de Orientación prográmanse as seguintes actividades:

-Charla coloquio de fomento da cultura emprendedora a cargo dunha antigo/a alumno/a, ou no seu defecto a cargo do IGAPE ou dun técnico especialista na materia.

-Visita a un viveiro de empresas.

-Charla, obradoiro de emprendemento organizada dende o departamento de Erasmus + do centro.

-Taller de asesoramento sobre o emprendemento por un profesional da UPTA (Unión de Profesionales y trabajadores autónomos).

A realización destas actividades está suxeita á disponibilidade das persoas alleas ao instituto que participan nelas, así como que se vaian cumplindo ao seu tempo os contidos programados.

Todas estas actividades complementarias levaranse a cabo, no caso de que a actual situación sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19 se estabilizase e voltaramos a unha situación sanitaria segura e estable para a toda comunidade educativa.

Ademais, a través da Aula de Emprendemento virtual, están programadas as seguintes actividades:

- Xornadas de sensibilización e motivación do alumnado.
- Visitas a empresas do sector da Informática e das Comunicacións, incubadoras, viveiros e calquera tipo de organismos ou entidades públicas ou privadas implicadas no emprendemento.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

- Seminarios impartidos por expertos en recursos humanos, orientadores, ex-alumnos empresarios, emprendedores destacados ou axentes sociais.
- Obradoiros de soft-vocational skills (como por exemplo, aprender a falar en público, aprender a facer presentacións tipo Power Point, aprender a traballar en equipo, técnicas organizativas e de estudio)
- Obradoiro de emprendemento e viabilidade empresarial.
- Defensa e presentación de proxectos.
- Posta en marcha de estratexias de divulgación nos medios de comunicación, a web e redes sociais de todas as boas prácticas en emprendemento da FP.
- Organización de cursos de formación específicos en ferramentas TIC empresariais, redes sociais e web 2.0 para a difusión das súas iniciativas para o alumnado e o profesorado.